

Fiz, o coleccionista de medos
Proposta didáctica

Eva García Sexto
M. Teresa Neira González



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Autoras: Eva García Sexto
M. Teresa Neira González



Fiz, o coleccionista de medos é un dos tres contos en formato audiovisual que a Secretaría Xeral de Política Lingüística edita para os centros educativos galegos que imparten o segundo ciclo de educación infantil. Cada un destes contos vai acompañado da súa proposta didáctica para que se lle poida sacar o maior partido posible, sobre todo de cara á aprendizaxe da lingua galega.

O Decreto polo que se establece o currículo da educación infantil e mais o Decreto para o plurilingüismo no ensino non-universitario recollen a necesidade de que todo o alumnado —independentemente de cal sexa o seu primeiro idioma, o que aprendeu na casa— adquiera o coñecemento da lingua galega propio da etapa educativa ao finalizar o segundo ciclo da educación infantil. Iso esixe, evidentemente, conversar, escoitar, ler... en galego.

Para os nenos e nenas galegofalantes, oír voces diferentes ás dos familiares ou do persoal docente que habitualmente o rodean, voces que empreguen un galego de calidade e un rexistro diferente ao coloquial en que se relacionan, supón a ampliación da súa experiencia lingüística, o que, sen dúbida, redundará na mellora da competencia.

Para o alumnado castelanfalante, este material audiovisual presenta un modelo de galego moi coidado e contribúe a crear os espazos de uso da segunda lingua na aula que son imprescindibles para alcanzar o dominio esixido no currículo. Ao tratarse, ademais, de películas de gran calidade narrativa e estética —característica que acotío define o traballo de OQO editora, que o produciu— esperamos facilitar que a relación deste alumnado co galego sexa positiva dende o punto de vista afectivo.

As propostas didácticas asociadas ás tres curtas de animación inciden nas competencias activas —falar e escribir— e permiten completar así as aprendizaxes lingüísticas que deben facer os nenos e nenas de educación infantil.

Esperamos que o cariño e o coidado que se puxo dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e en particular dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística, na creación destes materiais teña a súa recompensa no uso que as mestras e mestres de educación infantil fagan deles. Que estes audiovisuais e as propostas de traballo que os acompañan cheguen ás aulas e, polo tanto, aos seus destinatarios últimos, os nenos e nenas de 3 a 6 anos, será unha gran satisfacción para todos os implicados neste proxecto. Por iso quero rematar estas liñas animando o profesorado a usalos e mais agradecendo o interese que poñan en facelo.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Política Lingüística



ÍNDICE

I	Introdución	5
1	Consideracións didácticas que se tiveron en conta na elaboración desta proposta	5
2	Consideracións didácticas para poñer en práctica as actividades na aula	6
3	Contribución á adquisición das competencias básicas	6
II	Reflexión e análise sobre algunhas das propiedades relevantes dos textos literarios narrativos	8
III	Metodoloxía de proxectos	12
IV	Análise cinematográfica dun filme	19
V	Análise cinematográfica de <i>Fiz, o coleccionista de medos</i>	20
VI	Secuencia didáctica específica para <i>Fiz, o coleccionista de medos</i>	21
VII	Bibliografía	28
1	Bibliografía citada	28
2	Para documentarse sobre o ensino-aprendizaxe da lingua escrita dende un enfoque construtivista	28
3	Para documentarse sobre a expresión oral	28





I INTRODUCCIÓN

A proposta didáctica que se presenta a continuación ten como punto de partida o acto de vermos unha animación nunha situación comunicativa. Poñerá en xogo os contidos das diferentes áreas recollidas no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, pero o seu maior peso recaerá na área de Linguaxes: comunicación e representación. En todo caso, propónse e deféndese un enfoque global e significativo das situacións de ensinanza e aprendizaxe.

A escola infantil é un espazo privilexiado para a comunicación e a interacción. As nenas e os nenos, a través da participación en diferentes situacións e do uso de recursos orais e escritos, poden desenvolver a linguaxe e potenciar a competencia comunicativa. Xustifícase así esta proposta na procura de contribuír a acadar os obxectivos establecidos e no convencemento de que a apropiación da linguaxe, nas súas formas oral e escrita, dependerá da amplitude, variedade e calidade das experiencias comunicativas que as criaturas teñan. O feito de expoñer os nenos e nenas con frecuencia a audicións de calidade e que respondan aos seus intereses facilitará a adquisición e uso da lingua.

1 Consideracións didácticas que se tiveron en conta na elaboración desta proposta

Ler e ver contos son consideradas accións didácticas cheas de sentido. Os contos, relatos e lendas son fontes valiosas para que as criaturas fagan inferencias simples sobre características dos personaxes, sobre os seus sentimentos e actitudes e mais acerca da trama en si mesma. A partir do conto *Fiz, o coleccionista de medos*, elaborouse unha proposta didáctica que procura:

- deseñar tarefas ás que o alumnado poida acceder dende diversos puntos de partida e compartir coas nenas e nenos o obxectivo de cada tarefa;
- propiciar a lectura de libros, as dramatizacións, as memorizacións, as narracións... coa finalidade de enriquecer a comprensión e a produción lingüística mediante a linguaxe oral;
- desenvolver de maneira significativa os procesos que interveñen tanto no acto de ler coma no de escribir, poñendo as nenas e os nenos en situacións de uso social da lectura e da escritura;
- planificar actividades que supoñan para o alumnado pequenos retos que actúen como estímulos para avanzar;
- promover o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula;
- recoller actividades que lle ofrezan ao alumnado oportunidades para elaborar os seus propios textos con diferentes propósitos e con diferentes recursos: escritura convencional ou non convencional, debuxos, ditado a unha persoa escritora competente para que esta transcriba...
- desenvolver actitudes positivas cara á propia lingua;
- reservarlle un espazo especial á tecnoloxía, recoñecendo a súa funcionalidade e o papel que hoxe en día ten na nosa vida.



2 Consideracións didácticas para poñer en práctica as actividades na aula

Á hora de levar adiante esta proposta na aula, convén ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- O modelo de lingua que se ofrezca debe ser rico e correcto, xa que a competencia lingüística da nena ou neno depende da calidade e da variedade da lingua que escoita ao seu arredor.
- A mestra ou mestre tratará de formular cuestións abertas, pois así, ademais de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinarlle ao alumnado a facerse preguntas pertinentes e a buscar respostas axeitadas.
- Cómpre crear un clima de aceptación, de seguridade afectiva e de respecto mutuo, de xeito que os nenos e nenas entendan que equivocarse non é outra cousa que un paso máis no proceso de aprendizaxe; un clima de confianza e de afecto que axude as nenas e nenos a experimentar o pracer e a necesidade de comunicarse, a sentirse retados e, ao tempo, con confianza para pediren axuda.
- Para ofrecer unha intervención que conecte co saber, co saber facer e co saber estar de cada criatura, é necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado en relación coa lectura e coa escritura e do significado que lle atribúen.

Os obxectivos de referencia para a elaboración da proposta didáctica foron os recollidos no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

3 Contribución á adquisición das competencias básicas

A contribución ás diferentes competencias dende a educación infantil virá condicionada pola metodoloxía empregada. O modelo de ensinanza-aprendizaxe utilizado debe permitir mobilizar diferentes recursos cognitivos. Isto queda reflectido na proposta de actividades.

O paradigma educacional referente debe ser o de “aprender a aprender” e o de “aprender facendo”. Cómpre favorecer unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica. En coherencia con estas premisas, cando se elaborou a secuencia didáctica para a animación *Fiz, o coleccionista de medos*, propuxéronse tarefas e retos que incitasen as alumnas e os alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades. As tarefas presentadas perseguen aprendizaxes significativas que parten das súas experiencia e coñecementos previos e mais dos intereses das nenas e dos nenos, motivados pola animación que viron.

Desenvolvendo estas propostas contribúese en especial á adquisición das seguintes competencias básicas:

Competencia lingüística

Das oito competencias básicas, a lingüística é, sen dúbida, a que máis se traballa con esta proposta didáctica. Promóvese a adquisición desta competencia no momento en que se fomenta a participación en conversas, debates..., sempre que se respecte a diversidade de respostas. Por iso, coas actividades que se presentan a continuación, ofrécese un espazo e un tempo en que se anima a ler, a escribir e a conversar.



Máis en concreto, contribuímos á adquisición da competencia lingüística ao organizar un tempo para que as nenas e nenos:

- expresen os pensamentos, vivencias, coñecementos...
- escoiten para despois contrastar ideas e opinións,
- participen en diálogos coas compañeiras e compañeiros,
- respecten quendas de palabra,
- lean para gozar coa lectura,
- lean para recoller información,
- recollan por escrito a información obtida.

Tratamento da información e competencia dixital

Propóñense varias actividades en que é preciso empregar recursos tecnolóxicos para recoller información, así como o uso de internet. O alumnado iníciase no tratamento da información localizando datos precisos e recollendo o fundamental dun texto expositivo. Así, na proposta de actividades precísase:

- buscar, seleccionar, recoller, contrastar e procesar a información;
- usar as TIC como fontes de información;
- facer uso da tecnoloxía para realizar as diferentes actividades.

Competencia cultural e artística

A presentación da animación contribúe á adquisición desta competencia, pois racha cunha estética que ata agora era a única que tiña cabida nas aulas de educación infantil e achéganos a unha mirada máis próxima á arte contemporánea. As aulas de infantil deben estar abertas ás diferentes manifestacións culturais e artísticas.

Mediante esta proposta didáctica dáselle oportunidade ao alumnado de:

- observar, imaxinar, representar;
- crear e expresarse a través das producións plásticas;
- valorar e respectar as diferentes manifestacións culturais.

Competencia en autonomía e iniciativa persoal

A contribución a esta competencia verase satisfeita no momento en que se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

Dentro da proposta de actividades debe reservarse un tempo para que os nenos e nenas:

- realicen eleccións;
- tomen decisións;
- emprendan accións.

Outras competencias

Coa selección de actividades presentada contribúese, así mesmo, á adquisición da competencia matemática, da competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, da competencia social e cidadá e da competencia para aprender a aprender.

Competencia matemática

Para contribuír á adquisición desta competencia tívose presente a necesidade de facer uso dos elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a situacións cotiás e reais. Así, vai ser necesario empregar os elementos e razoamentos matemáticos para recoller información ou plasmar o aprendido.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Moitas das actividades propostas favorecen o pensamento científico das nenas e dos nenos, pois potencian habilidades de pensamento e de investigación, con actividades que esixen formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións.

Competencia social e cidadá

Traballar as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos da convivencia axuda a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

Competencia para aprender a aprender

Trabállase incidindo na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información. Nesta proposta, en concreto, contribuímos á competencia para aprender a aprender:

- descubriendo novos coñecementos a partir do coñecido;
- recoñecendo que, para saber algo, debemos buscar nas fontes axeitadas, recoller a información e ordenala.

II REFLEXIÓN E ANÁLISE SOBRE ALGUNHAS DAS PROPIEDADES RELEVANTES DOS TEXTOS LITERARIOS NARRATIVOS

O audiovisual co que imos traballar, *Fiz, o coleccionista de medos*, é un texto narrativo baseado no conto do mesmo nome escrito por Fina Casalderrey. O primeiro paso antes de desenvolver unha proposta didáctica sobre calquera texto (literario, prescritivo, informativo ou expositivo) é coñecer e ter sempre presentes as propiedades máis relevantes dese texto. Detállanse a continuación as fundamentais dos textos literarios narrativos e unha breve relación de actividades tipo que nos servirá para acadar un maior coñecemento destas propiedades en calquera texto desta clase.

Función

Provocar gozo, emocións e sentimentos; entreter e transmitir valores culturais, éticos e morais.

O noso alumnado le a través das nosas palabras (na idade das nenas e nenos de educación infantil o máis habitual é que aínda non sexan lectores convencionais e autónomos). Se o obxectivo das persoas docentes é conseguir crear un hábito consolidado de gusto pola lectura, unha práctica non aconsellada é a de realizar preguntas de comprensión posteriores á escoita do conto co único fin de comprobar se os oíntes estiveron atentos ou recordan os detalles que a persoa que pregunta espera. É fundamental respectar a liberdade da persoa que le (aínda que sexa a través da persoa docente) para recrearse coa lectura.

Os textos literarios poden ter soportes variados, como o audiovisual (vídeos, CD) e o escrito (libros). Ás veces, incluso é factible traballar cunha mesma narración literaria en distintos soportes, o que aumenta as posibilidades didácticas que por si teñen estes textos.

É fundamental a lectura de bos textos literarios nas aulas porque a través deles as nenas e nenos poden:

- transgredir,
- escoitar,
- crear mundo interior,
- buscarse en si mesmos,
- crear, relacionarse coa arte,
- descubrir as claves da vida,
- poboar o imaxinario (imaxinario desasistido dos seus compoñentes emocionais e afectivos pola influencia dos medios de comunicación).

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

Ler bos textos literarios de xeito habitual, distinguindo entre ler o texto e ver as ilustracións. Será conveniente buscar momentos en que estas dúas actividades (ler e mirar as ilustracións) non sexan simultáneas. En cambio, deberemos evitar facer preguntas de comprensión ao rematar.

Estrutura

A estrutura básica do texto narrativo é inicio, nó e desenlace. Algúns estudosos como Adam propoñen outras fórmulas ou secuencias un pouco máis complexas: situación inicial estable + complicación + reacción + novo elemento perturbador + situación final + avaliación.

É importante reflexionar sobre esta propiedade para recoñecer e producir textos de calidade. O paso seguinte a ser un bo lector, e unha consecuencia directa, é ser un bo escritor. Cando falamos de producir textos, a premisa que consideramos é que calquera persoa, de calquera idade, pode ser produtor de textos aínda que non sexan escrituras convencionais e precisen ser transcritas.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Inventar distintos finais para un mesmo conto.
- Reflexionar sobre como lle afectaría ao nó e/ou ao desenlace cambiar elementos ou personaxes do inicio.

- Localizar en textos coñecidos os elementos da secuencia de Adam.
- Inventar e escribir textos narrativos seguindo a proposta de Adam (pode ser individual, en pequeno grupo, en gran grupo, escribindo con escrituras non convencionais e transcribindo, escribindo a persoa adulta etc.).

Personaxes

É unha característica propia e relevante dos textos narrativos literarios.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Elaborar tarxetas cos nomes dos personaxes para abrir un ficheiro de personaxes de contos. Empregar estas tarxetas para comparar os nomes: cales son máis longos, cales comezan pola mesma letra etc.
- Facer un álbum de personaxes de contos.
- Despois da lectura de contos, buscar as tarxetas dos personaxes e asignarllos á narración correspondente.
- Comparar no álbum se algúns dos personaxes (lobo, bruxa...) se repiten nos contos.

Autor

É fundamental coñecer a figura da autora ou autor, así como a persoa ilustradora. Non só contribuímos a aumentar a bagaxe cultural das nenas e nenos, senón que os imos introducindo nas preferencias e gustos literarios. Un dos criterios empregados habitualmente para a elección dun texto é a persoa escritora.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Sempre que se lea un conto, mencionar a persoa autora e a ilustradora.
- Elaborar unha listaxe cos contos favoritos do alumnado e os seus autores e ilustradores.
- Buscar información sobre os títulos publicados por un autor ou autora que nos guste.
- Intentar identificar os sinais propios do estilo dos autores e ilustradores favoritos.

Relación título-contido

O título ten dúas funcións: por un lado, anticipar información sobre o texto e, por outro, despertar o interese da posible lectora ou lector.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Propoñer títulos diferentes para os contos que lemos buscando que sexan coherentes co texto.
- Cambiar unha palabra do título e reflexionar sobre como lle afectaría á historia. Ex. en vez de *Fiz, o coleccionista de medos*, *Fiz, o coleccionista de alegrías*. Que problema tería Fiz?, que o levaría a coleccionar alegrías? etc.
- Realizar unha comparación da extensión dos títulos que lemos habitualmente.
- Poñerlles título aos textos que o alumnado escriba.



Relación co real

Nas narracións literarias, a relación co real adoita ser moi baixa. A autora ou autor pode deixar voar a súa imaxinación e escribir libremente o que a súa fantasía lle suxira sen necesidade de contrastar os datos que conforman a historia (o que non quere dicir que ás veces non o faga).

É moi importante facerlles comprender ás nenas e nenos que a información que se transmite nos contos non ten por que ser real nin estar contrastada. Daquela, non é oportuno empregar os contos como textos informativos ou expositivos porque non o son.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

Escribir os seus propios textos literarios. A persoa docente aceptará todas as propostas do alumnado e animará a que recorra a elementos fantasiosos e creativos. A calidade do texto valorarase en función das propiedades que enumeramos anteriormente e da súa orixinalidade.

Relación imaxe-texto

Esta propiedade está estreitamente vinculada coa anterior. Nos contos, dado que a relación co real é pequena, a ilustración pode dar resposta á imaxinación da persoa ilustradora e admitir todo tipo de técnicas. Unha boa ilustración caracterízase por achegar información que non aparece no texto, enriquecendo a historia.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Manexar distintos tipos de textos (expositivo, prescricional, informativo etc.) contrastando cando hai ilustración e cando non.
- Buscar nos textos empregados habitualmente na aula se consta o nome da persoa ilustradora, recoñecendo aqueles nos que nunca figura.
- Reflexionar sobre como esta propiedade está estreitamente vinculada coa relación co real. Cando esta é alta, as imaxes que acompañan o texto son, basicamente, fotografías; cando esta é baixa, o tipo de imaxe empregada queda a criterio da persoa ilustradora (pintura, debuxo, colaxe etc.).

Léxico

Os textos literarios adoitan ser abundantes en adxectivos e contar con substantivos, adverbios e verbos variados. Canto máis variado sexa o léxico, máis enriquecerá o texto.

A frecuencia de uso dunha palabra é o que fai que a incorporemos ao noso vocabulario. É por iso polo que aconsellamos non cambiar o léxico empregado pola autora ou autor por outro que consideremos máis sinxelo ou próximo. O único que conseguimos con esa práctica é empobrecer o texto e obstaculizar que as nenas e nenos se apropien de palabras que só aparecerán nun bo texto literario.

Actividades tipo para traballar esta propiedade:

- Escoller os textos que imos ler na aula empregando este criterio.
- Localizar as palabras cuxo significado non deducen os rapaces polo contexto.



- Elaborar unha relación de adxectivos que aparecen habitualmente nos contos que se len na aula para definir os personaxes.
- Recoller as palabras que aparecen nos textos que lemos que nos gusten especialmente por algunha razón: polo que significan, pola súa sonoridade, polas poucas veces que as escoitamos...

III METODOLOXÍA DE PROXECTOS

O contido de calquera texto literario pode ser o xerador ou o motivo polo que se acorda iniciar o desenvolvemento dun proxecto e, como consecuencia, o traballo co texto expositivo. A partir dos tres contos que integran a colección de audiovisuais que a Secretaría Xeral de Política Lingüística publica para os centros de educación infantil, poderían xurdir proxectos sobre o lobo (*Os sete cabritos*), sobre o medo (*Fiz, o coleccionista de medos*), sobre os alimentos, sobre as xoias... (*A pota que trota*).

A incorporación das competencias básicas ao currículo esixe que o paradigma educacional referente sexa o de “aprender a aprender” e o de “aprender facendo”. Para iso precísase unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica. Sen dúbida, a metodoloxía de proxectos de aula configúrase como unha boa resposta a estas necesidades.

Débese entender un proxecto de aula como un plan de acción e de realización que un grupo de nenos e nenas e a persoa docente se propoñen a si mesmos, cunha clara intencionalidade de conseguir un resultado.

Esta metodoloxía supón un cambio no papel da persoa docente e no papel do alumnado. A persoa docente asume o rol de canalizador de propostas, organizador de intereses, enriquecedor de puntos de vista (facendo preguntas intelixentes e oportunas), previsor de recursos e avaliador da propia actividade e dos novos coñecementos.

O papel do alumnado será o de axente activo. Así, formulará hipóteses sobre o mundo que o rodea, comprobará a súa veracidade en contacto con outros individuos e establecerá conclusións. Convértese, deste xeito, en protagonista da súa aprendizaxe.

No desenvolvemento dun proxecto será preciso suscitar, argumentar, negociar e resolver cuestións tales como que se quere facer, para que o imos facer, que necesitamos, onde atopar a información que precisamos, como avaliar o proxecto, os pasos dados e os resultados obtidos.

Todos estes aspectos, dalgún xeito, establecen as fases dun proxecto:

- Elección do tema de estudo.
- Reflexión sobre que sabemos e que queremos saber.
- Comunicación das ideas previas e contraste entre elas.
- Busca de fontes de información.
- Organización do traballo.
- Fixación de obxectivos.
- Primeira distribución do tempo.



- Organización do espazo e dos recursos.
- Organización das actividades.
- Establecemento de pautas de colaboración coas familias e co contorno.
- Realización das actividades.
- Elaboración dun *dossier*.
- Avaliación do realizado.

A pesar de ter unhas fases claras de desenvolvemento, cabe puntualizar que a planificación do proxecto é aberta, que non se pode pechar ata que remata a súa posta en práctica. O proceso sempre será diferente nunha aula ou grupo de alumnado e noutro.

Algúns aspectos clave para ter en conta:

- Esta metodoloxía sustenta unha concepción do neno e da nena como un ser que pensa, que é crítico, reflexivo, que ten capacidade para formular hipóteses... Realizando proxectos ofréceselle espazo e tempo para expoñer os seus coñecementos e contrastalos cos iguais.
- Deféndese unha concepción da educación que non busca soamente que o alumnado adquira mecanicamente uns contidos, senón que organice o pensamento, que relacione; é dicir, unha concepción do ensino que busca aprenderlle a pensar. Trátase de que o alumnado vaia creando procedementos precisos que lle permitan aprender de forma autónoma.
- Nos proxectos de traballo ten especial peso a lingua escrita. Os proxectos teñen sentido nunha concepción da alfabetización en que o traballo non radica só en recoñecer os signos gráficos, senón que o esencial é a funcionalidade dos textos lidos. Con esta práctica realízase un uso funcional e significativo da lectura e da escritura na aula,ponse o alumnado en situacións de uso social da lectura e da escritura.
- Apóstase pola interacción entre o alumnado como unha ferramenta de aprendizaxe, deféndese a aprendizaxe colaborativa e cooperativa. Facendo proxectos avánzase no coñecemento coa achega de todos e todas.
- Non debe existir unha preocupación por “atender” todos os contidos en cada proxecto, senón que o interese debe focalizarse en desenvolver as capacidades necesarias para provocar aprendizaxes autónomas. Polo tanto, débese procurar unha interrelación entre áreas que sexa natural e non buscar unha conexión forzada entre elas.

Para concluír, cómpre apuntar que os proxectos son máis ca unha metodoloxía didáctica, pois supoñen unha concepción global da educación. Esta concepción baséase en escoitar o suxeito, en fomentar o desexo de aprender e no traballo colaborativo entre os diferentes axentes educativos. Anima a usar múltiples linguaxes (oral, corporal, escrita, plástica, matemática...), ao tempo que pon en xogo diferentes capacidades e habilidades, como conversar, argumentar, alcanzar consensos, sintetizar, elixir, optar, planificar, seleccionar, comprender etc.



A continuación, relátase moi brevemente como se desenvolveu un proxecto sobre lobos nunha aula que escolarizaba 25 nenas e nenos de 3 anos. A exposición segue o guión proposto nun parágrafo anterior sobre as fases dun proxecto.


1.º Elección do tema de estudo

O tema elixido foi “Lobos” co obxectivo de desmitificar a imaxe que tiñan as nenas e nenos deste mamífero influídos polos textos literarios que se leran na aula e que o presentaban como un animal maligno e perigoso.

2.º Reflexión sobre que sabemos e que queremos saber

É o momento da comunicación das ideas previas e do contraste entre elas.

Esta fase pode realizarse de dous xeitos: a través dunha conversa ou a través dun debuxo. As ideas previas que se reflictan por un ou outro procedemento e os interrogantes que xurdan serán o punto de inicio que orientará a procura de información.



3.º Busca de fontes de información

O obxectivo é que as nenas e nenos identifiquen o que é válido como fonte de información e o que non. Os textos expositivos si teñen validez (*dossiers*, enciclopedias, libros especializados) porque a súa función é transmitir coñecemento. Os textos literarios non serven porque a súa función é transmitir pracer, emocións, sentimentos...

Outras fontes de información válidas poden ser a conferencia ou charla dunha persoa experta no tema, páxinas web de internet, unha exposición documental etc.

4.º Organización do traballo

Elaboramos e enviámoslles unha nota ás familias pedindo a súa colaboración. Queremos que acheguen material e todo aquilo que nos poida servir para obter información e aprender sobre o lobo. Se as familias non achegan o preciso, a persoa docente é a que se encarga da busca de recursos.

5.º Fixación de obxectivos

O obxectivo principal é iniciar o alumnado na metodoloxía de proxectos, ensinalle a aprender a aprender e preparalo para esa mesma competencia.

Outros obxectivos que se traballaron foron:

- Coñecer léxico específico relacionado con este animal: lobeto, lobiño, dixitígrado, depredador...
- Avanzar no coñecemento dalgunha das propiedades dos textos expositivos (función, modo de lectura, relación imaxe-texto etc.).
- Coñecer a morfoloxía deste animal.
- Coñecer como é o hábitat onde vive.
- Aprender dos seus costumes e peculiaridades (se viven en mandas, quen é o macho alfa, que significa a posición da cola etc.).
- Desmitificar a figura do lobo como animal maligno e devorador.
- Concienciarse do que significa o perigo de extinción e coñecer os ataques que sofre este animal por parte do home.

6.º Primeira distribución do tempo

A temporización prevista para o desenvolvemento do proxecto era de 1 mes. Finalmente durou 6 semanas.

7.º Organización do espazo e dos recursos

En cada proxecto que se realiza, a aula reorganízase e adáptase ás necesidades e propostas que van xurdindo. Mesmo se cambia a disposición do mobiliario e a distribución do espazo, se é preciso. O tema que destaca na exposición dos taboleiros da aula é o do proxecto. Na biblioteca da clase créase un recuncho para expoñer os textos que se recompilan.



8.º Organización das actividades

Algunhas das actividades que se desenvolveron foron as seguintes:

- Lectura repetida e en varias sesións dos textos expositivos de que dispoñiamos.

- Observación detallada das fotografías que temos de lobos.



- A partir dunha imaxe elixida entre as que observamos, debuxo dun lobo para representar a súa morfoloxía (catro patas, cola, corpo cuberto de pelo, pelos sensores no fociño, orellas aguzadas etc.).



- Reflexión sobre a pegada do lobo en comparación coa humana e representación a través dun debuxo.



- Composición da palabra LOBO con letras móviles.




- Busca nos libros da biblioteca de imaxes de hábitats onde poida vivir o lobo.
- Elaboración dun texto colectivo que recolle o que queremos transmitir de todo o que aprendemos.



- Escrituras individuais dese texto para elaborar o dossier.



- Elaboración dun *dossier* que recolle a información elaborada e algunhas das actividades realizadas.



9.º Establecemento de pautas de colaboración coas familias e co contorno

É fundamental transmitirle ao alumnado a idea de que a familia tamén pode implicarse e participar no desenvolvemento dun proxecto. O primeiro achegamento parte da solicitude de todo o material documental de que poidan dispoñer.

10.º Realización das actividades

Unha vez establecidos os aspectos anteriores, realízanse as actividades propostas na primeira planificación e tamén aquelas que non aparecían e que xorden a medida que avanzamos no desenvolvemento do proxecto.


11.º Elaboración dun *dossier*

A culminación do proxecto é a elaboración dun *dossier* que recolle de forma organizada o traballo e as actividades realizadas e ao que se lla dá uso social. Ese *dossier* pode ser en soporte papel, dixital, unha exposición, unha conferencia etc.



12.º Avaliación do realizado

A persoa docente valorará tanto a aprendizaxe realizada polo alumnado coma a organización do proxecto e as súas fases, os obxectivos acadados e os contidos traballados co fin de facer unha reflexión e propostas de mellora.



IV ANÁLISE CINEMATOGRÁFICA DUN FILME

Consideramos importante inculcar no alumnado un espírito crítico ante calquera material audiovisual. Para iso é fundamental orientalo e guíalo na observación daqueles aspectos referidos á narración dramática, ao contido e á forma–representación, todos eles fundamentais para ir construíndo criterios de valoración.

Baseándonos na obra de Ana Graviz e Jorge Pozo *Niños, medios de comunicación y su conocimiento*, realizamos unha breve análise sobre os aspectos máis relevantes en que fixarse ante a proxección dunha curta ou filme.

Referidos á narración dramática:

Introdución: intenta inducir no público curiosidade sobre o que pode acontecer e, dun xeito rápido, introduce o conflito principal.

Presentación: dos personaxes, dos seus trazos definitorios, relacións e conflitos.

Afondamento: búscase que o público se involucre emocionalmente e se implique no relato.

Culminación: o clima de suspense chega ao máximo, punto álxido do enfrontamento.

Desenlace: resolución do conflito, no que hai un gañador.

Epílogo: o público comparte co personaxe principal os seus sentimentos (de alegría, pena, xúbilo, tristura etc.).

No caso de que a comprensión dramática resulte moi difícil, pode ser unha estratexia válida aplicar este modelo dende o final e percorrelo en sentido contrario a como se presenta.

Referidos ao contido:

Observemos que expectativas xera o título, cal é o argumento, de que trata, que ambiente se describe, a que grupo social se refire, en que época ou momento se desenvolve a acción, que roles aparecen representados, se percibimos algún prexuízo, se se fai uso da violencia, de que tipo...

Referidos á forma–representación:

Cómpre que nos fixemos nos seguintes aspectos:

- cal é o xénero (infantil, aventuras, ficción etc.),
- de que xeito se desenvolve a acción,
- que aparencia teñen os personaxes,
- como son a escenografía e os accesorios empregados,
- que tipo de imaxes e planos son máis frecuentes,
- que cortes se empregaron para unir as partes,
- como son o son e a música (de ambiente, realista, de fondo, utilizada como texto narrativo etc.),
- cales son os antecedentes do director,
- cales foron as circunstancias en que se realizou a película, historia, críticas etc.



V ANÁLISE CINEMATOGRÁFICA DE *FIZ, O COLECCIONISTA DE MEDOS*

O audiovisual que imos analizar a continuación é unha curta de animación baseada nun conto de Fina Casalderrey. Esta análise pretende ser un apoio para a persoa docente co fin de orientala para cando vexa a película co seu alumnado.

Suxerimos vela tres veces, en sesións diferentes: unha completa con imaxes e son, unha segunda sen son e unha terceira sen imaxes. O obxectivo desta tripla visualización é guiar a atención cara a distintos aspectos de interese. Cando se ve sen son, o peso da observación recae nas imaxes e na mensaxe que estas transmiten; cando só se escoita o texto, as palabras e a música son as que cobran relevancia.

Os aspectos en que imos incidir referidos á narración dramática son:

INTRODUCCIÓN. Xa na primeira escena aparece Fiz atrapado polo seu medo. Non é capaz de saír do seu agocho a pesar da tentación que supoñen os nenos xogando e rindo.

PRESENTACIÓN. Fiz non só ten medo a cousas ou animais, tamén ten medo a converterse en rato, en porco... mesmo na compañía do pai, que debería ser un referente de seguridade.

AFONDAMENTO. De visita na casa dos avós, xa é tal o pánico que ata a súa propia imaxe lle provoca pavor. Fiz cae na tina de desplumar os polos e xa pensa que, definitivamente, se converteu en polo.

CULMINACIÓN. A súa avoa consegue calmalo e, nun abrazo cheo de amor, lonxe de berrarlle, ofrécelle unha estratexia para vencer o medo: anímao a ser o campión do mundo coleccionando medos.

DESENLACE. Chegan os amigos de Fiz cos seus medos e entre todos pechan no baúl todas as cousas que os atemorizan: o medo ás picadas no cu, o medo ás feridas con sangue, o medo aos monstros, o medo a que caia a lúa... Despídenos cun berro forte que se vai convertendo pouco a pouco en risa.

EPÍLOGO: os medos fanse cada vez máis pequenos ata que desaparecen.

Co alumnado pódese realizar unha comparación entre a narración dramática e a estrutura do conto.

Referidos ao contido:

O título é anticipador do personaxe principal e do conflito. O argumento refírese a un tema que afecta con moita frecuencia ás criaturas e que é preciso axudar a canalizar. É unha das emocións máis fortes na infancia. Non se quere esquecer o importante papel das avoas e avós na crianza das nenas e nenos.

Referidos á forma–representación:

O xénero é o de ficción, fantasía. Destaca o uso da cor branca para transmitir a parálise e medo que sente Fiz. O xogo coa cor sobre algún elemento fai que a atención se dirixa a eses obxectos. A estética está moi coidada: a expresividade dos ollos de Fiz, o fondo do ceo azul no que destacan as nubes e a casa dos avós, as plumas de marabú caendo que transmiten calma, as pedriñas brillando no barreño onde se despluman os polos, o abrazo da avoa...

VI SECUENCIA DIDÁCTICA PARA *FIZ, O COLECCIONISTA DE MEDOS*

Actividades previas a ver a película:

- Lemos o título da película *Fiz, o coleccionista de medos* e realizamos hipóteses sobre a trama.
- Buscamos no dicionario e en internet o significado da palabra coleccionista.
- Damos unha definición de que é ter medo.
- Intentamos dar resposta a interrogantes como: que tipo de medos se poden coleccionar? Falamos sobre todas as cousas que nos provocan medo.



Tras ver a película:

- Vemos a película e compartimos, a modo de tertulia, a nosa impresión: que foi o que máis nos gustou, o que menos, se nos gustou a música, se nos agradaron as imaxes...

Actividades para ampliar vocabulario e mellorar a expresión oral

- Conversamos e comentamos se sentimos os mesmos medos que tiveron Fiz e os seus amigos: ao primeiro día de escola, ás serpes, aos fantasmas, aos tronos, ás picadas no cu, a caer polo burato do váter, ás formigas, a estar só, ás ratas...



- Familiarizámonos coa palabra medorento: buscamos no dicionario o seu significado; buscamos, así mesmo, sinónimos e antónimos deste termo.
- Recoller información e elaborar unhas tarxetas descritivas sobre como se realizan diferentes tarefas en relación co tratamento dos animais, previas a convertelos en alimento (a avoa de Fiz estaba desplumando os polos):
 - Coello: esfólase
 - Porco: chamúscase
 - Galiña: desplúmase
 - Ovella: esfólase
- Indagar sobre as reaccións fisiolóxicas ás diferentes emocións e as expresións empregadas para definilas:
 - Poñérselle a alguén a pel de galiña
 - Poñérselle a alguén os pelos de punta
 - Tremer coma un vimbio
 - Tremer coma unha vara verde
 - Ter as pupilas dilatadas

Actividades para traballar o concepto de colección

- Efectuamos unha breve investigación sobre o tipo de coleccións que se poden realizar. Coñecemos o nome dalgunha delas:
 - Selos: filatelia
 - Postais: deltioloxía
 - Billetes de banco: notafilia
 - Moedas: numismática
- Realizamos unha saída ou visita a algún museo onde se recolla algunha colección.
- Preguntamos nas familias se alguén ten algunha colección. En caso afirmativo, solicitamos que a comparta con nós, traéndoa directamente á aula (se o volume o permite) ou amosándonola en fotografías.
- Escribimos listaxes de palabras para facer coleccións de palabras longas, bonitas...
- Elaboramos un álbum de cromos dos personaxes dos contos clásicos lidos habitualmente na aula: *Carapuchiña Vermella, Os tres porquiños, Os sete cabritiños* etc. Iniciamos así unha colección de personaxes de contos. Para iso, distribuimos entre o alumnado un modelo cunha grella onde as nenas e nenos debuxarían en cada casa (do tamaño dos cromos que se comercializan) o personaxe dun conto, para posteriormente ir completando o álbum.



Cromo da Carapuchiña Vermella


Actividades para afondar no sentimento do medo

- Fiz e os seus amigos espantan os medos coa risa. Propoñemos diferentes xeitos ou modos de espantar o medo.



- Elaboramos cinco paneis de cores diferentes asociados ás emocións: alegría (amarelo), tristeza (gris), medo (negro), ira (azul) e amor (vermello). Para esta asociación de cor-emoción baseámonos no valor das cores en Kandinsky.

Nestes paneis cada neno ou nena escribirá (con escrituras convencionais ou non-convencionais transcritas pola persoa docente) en que momentos ou situacións senten cada unha das emocións.



- Debuxamos “o medo”. Con música de fondo, que se identifique co sentimento de medo, cada neno ou nena realizará un debuxo para representalo. A continuación describirá o que debuxou.

Considerando que a música é un valioso recurso para espertar moitas emocións e sentimentos, suxerimos unha selección de músicas para traballar o medo:

Título: “Soño dunha noite de aquelarre” da *Sinfonía fantástica*

Autor: H. Berlioz

Título: “Scherzo” da *Sétima sinfonía*

Autor: G. Mahler

Título: *Música para cordas, percusión e celesta*, segundo movemento

Autor: B. Bartok

Título: *Requiem*

Autor: G. Ligei

Título: “A noite dos insectos eléctricos” de *Black angels*

Autor: G. Crumb

Título: *Psicose*


Autor: B. Hermann

Título: *Tubular bells*

Autor: Mike Oldfield

Esta selección realizouna Benxamín Otero Otero e recóllese na publicación *Medrando sans: de sentimento en sentimento... de emoción en emoción*.

- “O baúl dos medos”. O mesmo que Fiz, o protagonista, e os seus amigos, transformamos unha caixa en baúl para que os nenos e nenas introduzan unhas tarxetas que recollerán os nomes dos medos que teñen. Pódense escribir ou representar plasticamente.



- Dramatizamos situacións que consideremos que producen medo.
- A obra pictórica *El grito*, de Edvard Munch, será a xeradora das seguintes actividades:



- * Despois de observar atentamente o cadro responder preguntas similares ás seguintes: é de noite ou de día?, que cor destaca?, cantas cores hai?, son claras ou escuras?, como son as pinceladas?, que é o que máis chama a atención do cadro?, cantas persoas se representan no cadro?, a onde irán?, onde están?, que lle pasa á persoa que aparece en primeiro plano?, como aparenta estar: contento, triste, asustado....?, por que grita?, a que lle terá medo...
 - * Empregando o recurso do cómic consistente en escribir dentro de bocadillos, cada neno e nena escribirá nun bocadillo que sae da figura central do cadro o que cre que esta está a berrar. Para realizar esta actividade poden empregarse fotocopias do cadro.
 - * Creamos unha historia colectiva a partir do cadro. A nosa fantasía e creatividade centrarase na razón ou razóns polas que berra o personaxe do cadro.
- * Sobre unha fotocopia do cadro cambiamos a expresión da cara da figura central e, por conseguinte, reflexionamos sobre a pertinencia de modificar o título.
 - * Buscamos na internet información sobre outros artistas que na súa obra teñen representado o medo.

Actividades para desenvolver contidos de lingua escrita

- Inventar novas historias partindo da estrutura deste conto e coa proposta dos seguintes títulos:



Fiz, o coleccionista de ALEGRÍAS

Fiz, o coleccionista de BROMAS

- Elaboramos unha listaxe co nome do protagonista e dos personaxes secundarios do conto orixinal. Ampliamos esa lista engadindo os personaxes das historias inventadas na actividade anterior e constatamos que o nome do protagonista figura no título e que a relación título–contido é moi alta.
- A autora do conto é Fina Casalderrey, unha escritora galega, polo que se propón coñecer a súa biografía.

Durante varias sesións, dedicaremos un tempo para ir lendo en voz alta distintos fragmentos seleccionados da biografía da escritora. Destes fragmentos, recolleremos anécdotas e datos relevantes da súa infancia, mocidade e vida adulta. Ao rematar a lectura de cada día, escribiremos a información obtida nun resumo, que formará parte do texto biográfico que elaboraremos. Para escribir este texto colectivo recomendamos seguir o seguinte proceso:

- A mestra ou mestre irá escribindo no encerado a información que ao alumnado lle pareceu máis significativa do lido na sesión. Copiarase literalmente o que os nenos e nenas suxiran.
- Ao rematar o fragmento de texto elaborado en cada sesión, realizaranse as oportunas revisións de coherencia, léxico, concordancia... A persoa docente verbalizará o seu parecer acerca de que partes non están claras, releerá o texto varias veces cuestionando a súa calidade e orientará o alumnado para melloralo. Esta actividade realizarase en gran grupo, de xeito colectivo.
- Cando se considere que o texto ten unha calidade que nos satisfai, dáse por rematado e a persoa docente escribeo convencionalmente en papel.
- Empregarase este texto, elaborado polos nenos e nenas, para avanzar en coñecemento do sistema de escritura. De forma individual cada nena ou neno escribirá a ditado unha frase do texto, codificando esa frase segundo a etapa na que se encontre no proceso de adquisición da lingua escrita. Serán totalmente respectadas as escrituras (indeterminadas, silábicas, silábico-alfabéticas, alfabéticas sen normas ortográficas).



exemplo de escrituras que responden ás distintas etapas no proceso de adquisición da lingua escrita

- O texto final, escrito e codificado de forma colectiva, pódese presentar a modo de tríptico, dividíndoo nas tres etapas da vida tendo en conta a estrutura que ten a biografía e que responde a este percorrido (infancia, mocidade, madurez).

Para obter información sobre Fina Casalderrey recorreremos a internet, por exemplo, ás seguintes ligazóns:

<http://fina.casalderrey.com/>

http://es.wikipedia.org/wiki/Fina_Casalderrey

<http://bvg.udc.es>

Actividades de comparación do texto en soporte audiovisual e en soporte libro

A historia que amosa este audiovisual está publicada en soporte papel e editada por OQO editora, polo que suxerimos a conveniencia de manexar tamén o libro.

O desenvolvemento de todas as actividades descritas verase enriquecido e complementado co manexo paralelo dos dous soportes. De contar con esta posibilidade, sería interesante realizar actividades do seguinte tipo:

- Comparar as ilustracións do libro coas imaxes do audiovisual, expresando gustos, preferencias...
- Comparar a narración do libro coa narración do audiovisual: en que se diferencian e en que se parecen.
- Aproveitando a posibilidade que ofrece o libro de empregar a imaxe estática (frente á imaxe en movemento do audiovisual), recrear a historia, de xeito individual, por parellas, gran grupo...



VII BIBLIOGRAFÍA

1 Bibliografía citada

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009).
- Graviz, A. e Pozo, J. (1994): *Niños, medios de comunicación y su conocimiento*. Barcelona, Herder.
- VVAA (2009): *Medrando sans: de sentimento en sentimento... de emoción en emoción*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

2 Para documentarse sobre o ensino-aprendizaxe da lingua escrita dende un enfoque construtivista:

- Bettelheim, B. e Zelan, K. (1983): *Aprender a leer*. Barcelona, Editorial Crítica.
- Bofarull, M.T. e outros (2001): *Comprensión lectora. El uso de la lengua como procedimiento*. Barcelona, Graó.
- Cassany, D. (1989): *Describir el escribir. Cómo se aprende a escribir*. Barcelona, Paidós.
- Coll, C. e outros (1993): *El constructivismo en el aula*. Barcelona, Graó.
- Ferreiro, E. e Teberosky, A. (1979): *Los sistemas de escritura en el desarrollo del niño*. México, Siglo XXI.
- Fons Esteve, M. (2004): *Leer y escribir para vivir. Alfabetización inicial y uso real de la lengua escrita en la escuela*. Barcelona, Graó.
- Lerner, D. (2001): *Leer y escribir en la escuela: lo real, lo posible y lo necesario*. México, Fondo de Cultura Económica.
- Nemirovsky, M. (1999): *Sobre la enseñanza del lenguaje escrito... y temas aledaños*. Bos Aires, Paidós.
- Nemirovsky, M. e outros (2009): *Experiencias escolares con la lectura y la escritura*. Barcelona, Graó.
- Pennac, D. (1993): *Como una novela*. Barcelona, Editorial Anagrama.
- Solé, I. (1992): *Estrategias de lectura*. Barcelona, Graó.
- Teberosky, A. (1992): *Aprendiendo a escribir*. Barcelona, Ice-Horsori.
- Tolchinsky, L. e Simó, R. (2001): *Escribir y leer a través del currículum*. Barcelona, Ice-Horsori.

3 Para documentarse sobre a expresión oral

- Andraud, A. (1981): *Los ejercicios de lenguaje en el parvulario*. Barcelona, Ed. Médica y Técnica.
- Bruner, J. S. (1986): *El habla del niño*. Barcelona, Paidós.

- Bruner, J. S. (1988): *Desarrollo cognitivo y educación*. Madrid, Morata.
- Dale, P. S. (1989): *Desarrollo del lenguaje*. México, Ed. Trillas.
- Agüera, I. (2000): *Curso de creatividad y lenguaje*. Madrid, Narcea.
- Cervera Borrás, J. (1994): *Literatura y lengua en la educación infantil*. Bilbo, Ediciones Mensajero.
- Luria, A.R. (1980): *Lenguaje y comportamiento*. Madrid, Ed. Fundamentos.
- Luria, A.R. (1985): *Lenguaje y pensamiento*. Barcelona, Martínez Roca.
- Mayor, J. (1985): *Psicología del pensamiento y del lenguaje*. Madrid, UNED.
- Monfort, M. e Juárez, A. (1981): *El niño/a que habla*. Madrid, Ed. Nuestra Cultura.
- Paulus, J. (1975): *La función simbólica del lenguaje*. Barcelona, Herder.
- Richele, M. (1973): *La adquisición del lenguaje*. Barcelona, Herder.
- Rius, M. D. (1987): *Estimulación del lenguaje oral*. Madrid, Seco Olea.

